

ORDENANZAS FISCAIS ANO 2009

TAXA POLA RECOLLIDA DOMICILIARIA DE LIXO

ART. 1 .- FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos arts 133.2 e 142 da CE e 106 da Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das bases de réxime local e consonte o que dispón a Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por recollida domiciliaria de lixo que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuías normas atenden nas devanditas leis.

ART. 2 - FEITO IMPOÑIBLE

1. O feito imponible está constituído pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de lixo, tanto de se realizar xestión municipal directa como a través dalgún contrato ou empresa municipalizada.
2. Agás nos casos nos que se asigna carácter voluntario á prestación, o servizo de recollida de lixo será de recepción obrigatoria para aquelas zonas onde se preste e a súa organización e funcionamento subordinarase ás normas dictadas polo Concello para regulamentalo.
3. Non serán obxecto desta taxa a retirada de escombros e materiais de solares e locais que se despositen na vía pública, que serán retirados por quen os deposite, e no caso de resistencia a face-lo, polos servizos deste Concello, á súa costa sen prexuízo de aplicación de taxas por ocupación de vía pública con materiais e escombros.

ART. 3 - OBRIGA DE CONTRIBUIR

A obriga de contribuir que orixina o pagamento da taxa nace dende o momento en que se presta o servizo municipal, entendendo que dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, tal prestación ten lugar cando estea establecida e en funcionamento a recollida de lixo, nas rúas ou lugares onde figuren domiciliados os contribuintes suxeitos á taxa.

ART. 4 - SUXEITO PASIVO

1. Considerarase contribuinte suxeito a taxa, as persoas naturais ou xurídicas, nacionais ou estranxeiras, que a título de propiedade ou arrendamento, ou calquera outro, ocupen as vivendas, establecementos, ou locais emprazados en rúas ou lugares onde se preste o servizo.
2. Cando unha mesma unidade inmoble se compoña de varias vivendas, serán os donos, comunidades de propietarios ou as entidades ou organismos que as administren, os obrigados ao pagamento da taxa do Concello en calidade de suxeitos pasivos sustitutos dos contribuintes ocupantes de ditas vivendas. Todo isto sen prexuízo do dereito a repercutir sobre estes o importe das cuotas que correspondan conforme a lexislación de arrendamentos urbanos.

ART. 6 - BASE IMPOÑIBLE

A base imponible determinarase atendendo a natureza e características dos lugares ou espacios ocupados polos contribuintes e das materias e obxectos de recollida de acordo co disposto nas propias tarifas desta ordenanza.

ART. 7 - TARIFAS

CLASES:

1. VIVENDAS PARTICULARES - 60 €/ano
2. ESTABLECEMENTOS INDUSTRIAIS, COMERCIAIS E PROFESIONAIS
En calquera rúa onde se realicen actividades industriais ou de comercio e nas que se produzan lixos e residuos non propiamente industriais a tarifa anual será:

• Hoteis	= 216 €
• Pensións	= 144 €
• Restaurantes	= 180 €
• Cafeterías de todo tipo	= 144 €
• Perruquerías	= 54 €
• Despachos profesionais	= 54 €
• Oficinas bancarias	= 108 €
• Promotoras e constructoras	= 72 €
• Comercios ao por menor	= 72 €
• Talleres mecánicos	= 108 €
• Pubs	= 144 €
• Salas de festa	= 216 €
• Grandes superficies comerciais	= 270 €
• Supermercados	= 216 €
• carnicerías e pescaderías	= 72 €
• resto de locais non especificados	= 72 €

ART. 7 - EXENCIÓNS

Estarán exentos do pago da taxa as persoas que acrediten insuficiencia de recursos para a súa subsistencia diaria, previo informe dos servizos sociais do Concello e declaración en conforme da Xunta de Goberno Local.

ART. 8 - DECLARACIÓN E INGRESO

O Concello confeccionará unha matrícula provisoria que inclúa os suxeitos pasivos obrigados ao pago que será exposta ao público polo prazo de quince días para a presentación das correspondentes alegacións. As variacións que se produzan nos datos da matrícula serán comunicadas ao Concello polos propios afectados así como as futuras altas, que se efectuarán mediante autoliquidación. Cando o obrigado ao pago non presente autoliquidación en concepto de alta se realizará de oficio sen prexuízo das sancións que lle podan corresponder.

O período de cobro para os recibos correspondentes os suxeitos pasivos incluídos na matrícula será anual e a taxa devengarase o día primeiro de xaneiro de

cada ano, agás no exercicio 2008 no que se devengará no momento de entrada en vigor da ordenanza e abarcará ata o 31 de decembro do mesmo ano.

ART. 9 - INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

Para todo o relativo á calificación de infracción s tributarias e a imposición de sanción s correspondentes rexerá o disposto nos arts. 77 e seguintes da lei xeral tributaria.

ART. 10 - DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente ordenanza comezará a aplicarse no momento da súa entrada en vigor mediante a publicación do seu texto íntegro no BOP e aplicarase ata a súa modificación ou derogación posterior.